

Programación:

Venres 20 de abril

18:30 Teatro Principal. Recital dos poetas:

**Dores Tembrás
Edorta Jiménez
Xosé M^a Álvarez Cáccamo**

20:00 Teatro Principal. Recital dos poetas:

**Estevo Creus
María Eloy-García
Eduard Escoffet**

Dirección do Festival: Yolanda Castaño

Xosé M^a Álvarez Cáccamo
Estevo Creus
Veronika Dintinjana
María Eloy-García
Eduard Escoffet
Estíbaliz Espinosa
Edorta Jiménez
Nuno Júdice
Dores Tembrás

PontePoética 2

festival de poesía

Promove: Concello de Pontevedra



Sábado 21 de abril

17:00 Teatro Principal. Recital dos poetas:

**Estíbaliz Espinosa
Veronika Dintinjana
Nuno Júdice**

18:30 Teatro Principal. Recital final con todos os poetas participantes e clausura do Festival PontePoética

**María Eloy-García, Eduard Escoffet,
Dores Tembrás, Xosé M^a Álvarez
Cáccamo, Edorta Jiménez, Estevo
Creus, Veronika Dintinjana, Estíbaliz
Espinosa, Nuno Júdice.**

Colabora: Ateneo de Pontevedra



Deseno: Carmen Hermo

TEATRO PRINCIPAL
20 e 21 de abril



Xosé María Álvarez Cáccamo

(Vigo, 1950), poeta e crítico literario, ten publicado ademais obra narrativa, teatral e para crianzas. É autor de poemas obxectuais e visuais. Traducido a varios idiomas, entre os seus títulos poéticos figuran *Praia das furnas* (1993), *Arquitecturas de cinza* (1985), *Luminoso lugar de abatimento* (1987), *O lume branco* (1991), *Calendario perpetuo* (1997), *Os cadernos da ira* (1999), *Vento de sal* (2008), *Ancoradoiro*. Obra poética (1983-2003) e *A boca da galerna. Luz da materia contra o invento de Deus* (2011). No ano 2006 publica a autobiografía *Memoria de poeta*, e no ano 2008 *Tempo do pai*, evocación da vida do seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez. O seu ensaio literario centrado na poesía galega da segunda metade do século XX, viu a luz no volume *Espazos do poema. Poética, lectura crítica e análise textual* (2009).

Foto: Arno Cabada



María Eloy-García


(Málaga, 1972), licenciada en Xeografía e Historia. Participou en revistas como *Litoral*, *El maquinista* de la generación *Laberinto*, *Nayagua*, *Zurgai*, *Fósforo* (edición dixital). Coordinadora da colección de poesía *Puerta del mar*, CEDMA (Centro de Ediciones de la Diputación de Málaga). Foi traducida ao alemán, inglés, italiano, portugués e catalán. Publicou *Diseños experimentales* (nº 2 colección Monosabio, Málaga, 1997), *Metafísica del trapo* (ed. Torremozas, Madrid, 2001), *Cuánto dura cuánto* (ed. El Gaviero, Almería 2007), *Cuánto dura cuánto* (2ª edición, ed. El Gaviero, Almería 2010) e *Cuánto dura quanto* (Lupo Editore, Lecce, Italia, 2011).



Edorta Jiménez

Escritor vasco nacido en Mundaka en 1953. Conta cunha longa traxectoria na que cultivou todos os xéneros: literatura infantil e xuvenil (*George L. Steer. Gernikan izan zen kazetaria*), crónica (*Europako mugetan barrena*), ensaio (*Hemingway eta euskaldunak zerbiltzu sekretuetan*), narración, novela e poesía, nesta última co heterónimo de Omar Nabarro. No eido poético publicou *Itxastorrien bindikapena* (1985), *Egutegi experimentalta* (1986), *Gizaeuropa* (1986), *Gaua zulatzen duten ahausietan* (1987), *Odoleko eskifaia* (1989) e *Haragizko amoreak* (2010). Escribiu as novelas *Speed gauak* (1991), *Azken fusila* (1993), *Baleen barbaroa* (1999), *Sukar ustelaren urtea* (2004) e *Azeria eta lehoia* (2007). Publicou as narracións *Atoizuntzia* (1990), *Manhattan* (1994), *Urdaibaiko ipuin eta kondairak* (1996) e *Ispiluaren kalteak* (2008). Destaca tamén polo seu activismo social (membro de *Zain Dezagun Urdaiba!*) e cultural (cofundador do espazo *Aholsenea* na Feira do Libro Vasco de Durango).

Foto: Joseba Barreneketa



Estevo Creus

(Cee, 1971), foi membro fundador da editorial de poesía *Letras de Cal*, do grupo de teatro *Talía* e do *Batallón Literario* da Costa da Morte. Como poeta ten publicados os seguintes libros: *Poemas da Cidade Oculta* (1996), *Areados* (Premio Miguel González Garcés da Deputación de A Coruña, 1996) *Teoría do Lugar* (Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, 1998), *O Libro dos Cans* (2000), *Décrua* (Premio de poesía Fiz Vergara Villariño, 2003), *Facer merzbau non ou posible?* (2007), *O Libro dos Cans* (2010), *Balea2* (2011). Tamén ten publicados os relatos: *E a catro patas quilómetros* (Premios Pedrón de Ouro, 1994), *Alguén Matou a Bambi* (recollido en "Historia da Pusilaminidade e catro contos máis", 1996). Membro do colectivo "nonou edicións" e da compañía multidisciplinar "traspediante" realiza diversas colaboracións musicais para espectáculos de danza e teatro. Alguns dos seus traballos poden verse en nonouedicions.blogspot.com e traspediante.blogspot.com e estevocreus.blogspot.com.



Eduard Escoffet

(El Poblet, Barcelona, 1979), poeta e axitador cultural. Practicou varias vertentes da poesía (visual, escrita, oral, instalación, performance), sempre cun espírito de investigación, aínda que nos últimos anos se centrou no traballo oral e sonoro. Presentou o seu traballo en varias cidades de España e sobre todo no estranxeiro: Italia, Francia, Bélxica, Alemaña, Portugal, Arxentina, Estados Unidos, China, Chile, República Checa, Nicaragua, Brasil, Ecuador e República Dominicana. Ademais, dirixiu o festival internacional de polipoesía PROPOSTA (Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona, 2000-2004) e comisariou, xunto con Eugeni Bonet, un ciclo de cine letrista para o MACBA (Museo de Arte Contemporánea de Barcelona). Actualmente dirixe *Barcelona Poesía* (Festival Internacional de Poesía de Barcelona). Basea o seu traballo poético na oralidade e a acción e ata a data só publicou o libro *Estramps* (Coça de bou, 2011) xunto co artista Evru, do que se fixeron 12 exemplares. Tamén está a piques de publicar un disco coa banda *Bradien*. <http://propost.org/escoffet>

Foto: Ballbini



Nuno Júdice

Naceu en 1949, en Mexilhoeira Grande (Algarve). Formouse en Filoloxía Románica pola Facultade de Letras de Lisboa. É Profesor Asociado da Universidade Nova de Lisboa na área de Literaturas Románicas Comparadas. Foi nomeado en 1997 Conselleiro Cultural da Embaixada de Portugal e Director do Instituto Camões, en París, cargos que exerceu até febreiro de 2004. É poeta e narrador. Publicou o primeiro libro de poesía en 1972. Recibiu os máis importantes premios de poesía portugueses: *Pen Club*, en 1985, *D. Dinis* da Fundación Casa de Mateus, en 1990 e da Asociación Portuguesa de Escritores, en 1994, este último co libro *Meditação sobre ruínas*, que foi publicado en Francia na colección *Poesie/Gallimard* e en Londres na editora *Archangel Press*. A súa obra está amplamente traducida.



Veronika Dintinjana

Naceu en 1977 en Ljubljana, onde reside e traballa como médica cirurxá. Mais tamén é poeta e tradutora. A súa carreira literaria comezou unha década atrás, publicando poemas en revistas como *Banipal*, *Stony Thursday*, *Mentor*, *Literatura*, *Sodobnost*, *Nova Revija*, *Dialogi*, *Poetikon*, *Lirikon* ou *Apokalipsa*, e sendo escollida "Mellor Autor/a Novo/a de Eslovenia" no Festival de Literatura Moza en 2002. En 2008 gañou o torneo poético de Maribor e mais o 6º Certame Poético de Slam de Ljubljana. En setembro dese mesmo ano publicárase o seu primeiro traballo individual, *Rumeno Gori Grm Forzicji* (*Amarelo arde o arbusto de forsítia*), que axiña foi galardoado co premio á mellor ópera prima na 24ª Feira do Libro do seu país. Como tradutora, ten dado ao prelo tanto poemas como ensaios de Louise Glück, Muriel Rukeyser, Denise Levertov e Ursula K. Le Guin, e do mesmo xeito co- traducida a antoloxía da poesía irlandesa do século XX *Čudovita Usta*. Fundadora da Sociedade Cultural *Kentaver*, é una das co-organizadoras do ciclo de recitais poéticos "Mlade Rime" que teñen lugar mes a mes no complexo cultural *Metelkova* (Ljubljana).



Estibaliz Espinosa

(A Coruña, 1974). Como poeta publicou *papel a punto* de (El Gaviero, 2011), *Zoommm*. Textos biónicos (*A Regueifa Plataforma 2007/Xerais 2009*), *-orama* (Tambo, 2002), *Pan* (libro de ler e desler) (Esquio, 2000; premio Esquio 1999), *numero* e *Espirál Maior*, 2004; premio *Espirál Maior*, 2001). Parte da súa obra aparece recollida en antoloxías, libros colectivos e revistas galegas e estranxeiras. Na rede, fai pública e descargable parte da súa obra nos *blogs* www.estibalizes.wordpress.com e *Abra la cápsula, por favor* (www.estibaliz.wordpress.com), nos que tamén publica artigos, contos e traducións. Dá aulas como filóloga e socióloga nun centro de publicidade. Asímismo se dedica á música como cantante.



Dores Tembrás

(Bergoñino, 1979), licenciouse en Filoloxía Hispánica no 2001. Tras una bolsa predoutoral da UDC e de distintas estadias investigadoras en Suecia, Madrid e Buenos Aires, defendeu a súa tese doutoral: *La obra poética de Alejandra Pizarnik. Arquitectura de un desencuentro* (2008). En 2009 publicou o seu primeiro poemario *O pouso do fume*, finalista dos premios da AELG 2010 na categoría de poesía. Participou coa serie de poemas *Esquiografías* na Revista das Letras e OPIVM na revista *Dorna*. Tamén en antoloxías como "elas" ou "Poetizate", e noutras revistas e volumes colectivos como *Mulheres entre poesía e liuta*. En diálogo coa obra do pintor Manuel Suárez escribiu un breve poemario en 2010, aínda inédito, sobre quince cadros abstractos, cristalizados nun libro de artista: *Alentos ao vacío*. En 2012 verá a luz un conto en verso para primeiros lectores. Ademais da súa faceta investigadora, dende hai anos imparte obradoiros literarios en institucións públicas e privadas.